



PROCEDEMENTO

Aprobación de modificación do calendario electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis de mesa. Proceso electoral 2022-2025.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Tenis de mesa aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 22 de xuño de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025. A Asemblea Xeral delegou na Presidencia a facultade de realizar as modificacións que indique, no seu caso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 23 de xuño de 2022 a Federación Galega de Tenis de mesa remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea e unha proposta de calendario electoral na que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 27 de xuño de 2022 aprobouse o Regulamento e máis o calendario electoral mediante resolución do Secretario Xeral para o Deporte.

Cuarto. O 1 de decembro de 2022, a Federación Galega de Tenis de mesa remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte solicitude de modificación do calendario electoral.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto na Disposición Adicional Segunda do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro: "O día de celebración das votacións a persoas membros da asemblea xeral, á comisión delegada e á presidencia da federación serán inhábiles para efectos de celebración de probas ou competicións deportivas de carácter oficial con participación de clubs e/ou as persoas deportistas galegas, na modalidade deportiva correspondente".

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que realizadas as modificacións, o novo calendario remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.





3. A resolución aprobatoria do calendario electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

Resolve:

1.-Aprobar a modificación do calendario electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis de Mesa, modificando a data da Asemblea para a elección de Presidente e as posteriores ata o remate do proceso electoral, que se celebrará o 12 de decembro de 2022.

2.- As datas do Regulamento Electoral, xa aprobado, enténdense corrixidas e adaptadas consonte ás que figuran no calendario selado que se achega xunto a esta resolución.

3.- Ordenar á xunta electoral e á Comisión Xestora da Federación Galega de Tenis de Mesa difundir a presente resolución e, en todo caso, publicala na páxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa, xunto co calendario selado que se achega coa presente resolución.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
José Ramón Lete Lasa.

